

ANEXO I: AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

1. DATOS DO PROGRAMA	
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	Doutoramento Interuniversitario en Estudos Literarios
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA	Universidade de Vigo
EN CASO DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	Universidade de Vigo e Universidade de Coruña
CENTRO/ESCOLA RESPONSABLE	Facultade de Filoloxía e Tradución (Universidade de Vigo)
CENTRO/S PARTICIPANTES	Facultade de Filoloxía e Tradución (Universidade de Vigo) e Facultade de Filoloxía (Universidade da Coruña)
CÓDIGOS ISCED	2, 22, 212, 220, 222, 223, 229, 312
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2013-2014
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: O programa de doutoramento implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada e, no seu caso, nas súas respectivas modificacións.

1.1.- O programa mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos. Os cambios introducidos no programa e que non se someteran a modificación non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina.

Aspectos a valorar:

- O perfil de egreso do programa mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito, tendo en conta os avances científicos e tecnolóxicos da disciplina.
- Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal como prevé a memoria vixente, o PD Interuniversitario en Estudos Literarios continúa a proporcionar formación avanzada e especializada para adquirir unha capacidade investigadora non só nos ámbitos das literaturas en lingua española, galega ou portuguesa, mais tamén noutros ámbitos das Humanidades.

A relevancia científica dunha formación no nivel 4 do MECES, que ofrece o PD, reside nas achegas que proporcionan os Estudos literarios ao coñecemento básico, á análise crítica, á utilización do discurso, á súa contribución ao legado e ao comportamento social (cf. *Libro blanco de la investigación en Humanidades*, FECYT, 2006: 20-21).

O PD Interuniversitario en Estudos Literarios aínda é de recente creación, polo que non conta con alumnado egresado. Con todo, os proxectos de tese en curso representan achegas orixinais nas súas respectivas áreas dende metodoloxías actualizadas. O número de sexenios, as publicacións e proxectos de investigación e demais actividades do seu profesorado, xunto co elevado número de contribucións científicas do alumnado (cf. Anexo V) demostran que o PD está plenamente actualizado en relación cos avances científicos das súas áreas de coñecemento. Até o momento, non foi necesario introducir cambios no programa do PD e tampouco se prevé facelos a curto ou medio prazo.

O PD está plenamente imbricado nas respectivas estratexias de I+D+i das dúas universidades. Para máis información, véxase a correspondente documentación

para a UVIGO en: http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/investigacion/normativa/documentacion.html e

para a UDC en <http://www.udc.es/lista.html?urlmenu=/investigacion/>.

1.2.- O programa dispón de mecanismos para garantir que o perfil de ingreso dos doutorandos é axeitado e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas.

Aspectos a valorar:

- O perfil de ingreso dos doutorandos e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O PD ofrece un total de 12 prazas anuais en cada unha das universidades para estudantes que cumpran rigorosamente cos requisitos indicados no punto 3.2 da memoria. O número total de prazas é de 24 (IPD1). A relación entre demanda (IPD2) e admisión ao longo dos primeiros tres anos é de 86 solicitudes e 71 admisións, ou sexa, admítase un 82% das solicitudes. Na UVigo a relación é de 51 solicitudes iniciais vs.


36 admisións (70%) mentres que na UDC a ratio é 36/35 (97%). Do total inicial de 71 matrículas (IPD3), 57 continúan activas (80%), das cales aproximadamente un 18% procede de programas extintos. A pesar de estar orientado a licenciados/as ou graduados/as en Estudos literarios en español, galego ou portugués, o programa admite por afinidade a rama de Artes e Humanidades, sen establecer ningunha diferenciación ou prioridade. En caso de candidaturas procedentes dos mestrados de carácter literario que organizan a UDC ou a UVIGO, a Memoria prevé unha admisión automática, sen necesidade de complementos de formación. Con todo, en casos de candidaturas de alumnado procedente de mestrados que non inclúan estudos literarios, a CAPD establecerá en función de cada CV e proxecto de tese a realización de actividades formativas: dende un mínimo de 9 até un máximo de 15 créditos. Esta formación terá de ser realizada nos graos ou mestrados de estudos literarios, particularmente aqueles relacionados coas literaturas en lingua castelá, galega e portuguesa, que estean vixentes na UVigo e na UDC, sempre contando coa autorización expresa da Comisión Académica. No caso rexistrado ata o momento, indicóuselle ao alumno que cursase a materia "Literatura: Introducción aos estudos literarios", do 1º curso do grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (GCLEL) que ofrece a FFT da UVigo. Esta materia proporciona a base metodolóxica e documental indispensable para o desenvolvemento dos estudos literarios.

En definitiva, a cifra de alumnado que necesitou complementos de formación é moi reducida (unha persoa) e non alcanza o 2% polo que este dato resulta ser de pouca relevancia (IPD7), pero indica que o perfil dos ingresados se axeita case absolutamente ao que require a Memoria.

Nos seus primeiros tres anos de existencia, a maioría do estudiantado matriculado procedeu dos mestrados ou DEA concedidos polas dúas universidades do PD. Con todo, a procedencia dun 17,5% era doutras universidades, do cal a meirande parte provén de universidades estranxeiras. Isto indica que xa existe unha certa diversificación en relación á procedencia do estudiantado, aínda que sería desexábel que esta aumentase de cara ao futuro.

O feito de existir unha maior matrícula na Liña de investigación 2 (Literatura en Lingua Española & Literatura Comparada) ca na Liña de investigación 1 (Literaturas e Culturas Galega e Portuguesa & Literatura Medieval), explícase coa matrícula habitualmente inferior nos graos do ámbito de Lingua e Literatura Galega en relación cos de Lingua e Literatura Española dentro do SUG, unha proporcionalidade que se mantén no ámbito do doutoramento. En relación ás medidas para aumentar a matrícula na Liña de investigación 2 (Literaturas e culturas en lingua galega e portuguesa & Literatura medieval) véxase a Proposta número 3 do Plan de melloras.

O seguinte gráfico resume a maioría destes datos (IPD3,4,5,12,13):




Sobre o número de matrículas activas hai, polo tanto, un 17,5% de alumnado procedente de estudos de mestrado doutras universidades (IPD5) en xeral e un 14% de universidades estranxeiras/os (4 en cada universidade), provenientes de Brasil, Uruguay, Portugal, Italia, Chile e Rusia (IPD6).

No caso da matrícula activa da UVigo (31), durante os tres cursos avaliados, un 45% procedía do Mestrado Universitario en Artes Escénicas, o que representa un 24% en relación á totalidade da matrícula, mentres que o resto da matrícula se compuña maioritariamente de procedencias como o Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bachillerato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (26%), o antigo DEA (17,5%), de diferentes mestrados en Estudos Literarios (30,7%) e do Mestrado Universitario en Estudos de Xénero (1,8%). Dáse incluso o caso excepcional dunha doutoranda estranxeira a realizar o seu segundo doutoramento na UVigo, o que pode ser tomado como outro indicador máis da atractivo do PD.


Neste momento, hai un total de 16 estudantes matriculados en modo parcial (8 en cada universidade) e 41 a tempo completo (IPD8). A tendencia xeral é que a maioría do alumnado acaba pedindo prórrogas, unha circunstancia que será comentada no contexto das reflexións do Criterio 6.2.

Os datos relativos ás estadias do alumnado, autorizadas pola CAPD, todas elas asociadas a programas de mobilidade (saíntes), poden ser deducidos do seguinte gráfico (IPD9,10):



O feito de que o alumnado que participa en programas de mobilidade represente só arredor dun 23% do total, non significa que non haxa máis desprazamentos no contexto do doutoramento. Este dato só se refire ao alumnado que recibiu apoio financeiro e/ou que solicitou o recoñecemento das súas actividades, sen que se poidan contabilizar neste momento outras iniciativas de carácter individual por parte do alumnado.

As porcentaxes e estudantes con bolsa ou contrato predoutoral resúmense no seguinte gráfico:



Aproximadamente un 16% do alumnado do PD no período suxeito a análise ten financiación pública e un 5% recibe bolsas de nivel superior (FPU e Xunta). Aínda que non representen valores moi elevados, si que poden ser considerados como indicador de que o PD resulta coherente e eficaz no que se refire á captación de alumnado con expedientes excelentes.

O conxunto destes datos documenta que o atractivo do PD, o perfil de ingreso do estudiantado, estadías e

programas de mobilidade, contribucións científicas etc. (cf. tamén reflexións nos criterios 6.1 e 6.2) é totalmente axeitado e que o número e perfil do alumnado é coherente coas características indicadas na Memoria e coa distribución das liñas de investigación.

1.3.- O programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos e, se procede, das actividades formativas.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de supervisión dos doutorandos son axeitados e correspóndese co establecido na memoria de verificación (asignación do titor e director de teses, control do documento de actividades do doutorando, valoración anual do plan de investigación, normativa de lectura de teses... e todos aqueles que a Comisión Académica do programa teña establecido).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Realízanse anualmente as actividades e mecanismos de supervisión previstos na planificación do plan de estudos (cf. punto 5.1 da Memoria, EPD1): á parte da regular asignación de titoras/es e directoras/es no primeiro ano de matrícula, procedeuse cada ano ás aprobacións e informes correspondentes dos cursos ou seminarios de formación, da asistencia a congresos ou simposios, das estadías, do traballo científico obrigatorio, así como tamén dos informes anuais das actividades realizadas por parte da CAPD e, en caso de que corresponda, por parte das respectivas comisións de EIDO das dúas universidades. Como mecanismo adicional (facultativo), o PD ofrece un Coloquio Internacional de Estudos Literarios dirixido especificamente ao seu estudiantado para que aí presente no formato dunha comunicación os seus proxectos de tese e que os debata con especialistas internacionais convidadas/os para a ocasión. Como xa fora o caso na primeira edición do Coloquio, está previsto que o alumnado desenvolva a súa comunicación en formato artigo e que o someta ao proceso de avaliación dunha revista especializada para a súa posterior publicación. A segunda edición do Coloquio terá lugar en 2017 na UVigo.

A seguinte táboa ofrece unha visión conxunta das actividades e dos mecanismos de control:

Planificación das actividades formativas e cronograma				
Período	Actividades doutoranda/o	Mecanismo de control 1	Mecanismo de control 2	Mecanismo de control 3
Ano 1	Elaboración e presentación do proxecto de tese (obrigatorio).	Aprobación e informe titor/a e/ou director/a.	Aprobación e informe CAPD.	Aprobación EIDO-UVigo / EIDUC
	Estudantado doutros mestrados que non inclúan estudos literarios han de realizar complementos de formación: entre 9 e até un máximo de 15 créditos de estudos literarios relacionados coas literaturas en lingua castelá, galega ou portuguesa en programas de mestrado o grao vixentes na UVigo ou na UDC (non computarán a efectos da duración total).		Informe da CAPD das actividades realizadas durante o primeiro ano.	Aprobación EIDO-UVigo / EIDUC
	Participación obrigatoria en cursos ou seminarios de formación. Asistencia facultativa a congresos ou simposios.	Aprobación e informe titor/a e/ou director/a.		
	Asistencia facultativa ao Coloquio Internacional de Estudos Literarios, dirixido especificamente ao estudantado do PD cunha comunicación sobre o proxecto de tese.	Aceptación da proposta de comunicación polo Comité científico do Coloquio.	Debate do proxecto presentado con especialistas convidadas/os.	
Ano 2	En caso de optar ao título de “doutor/a internacional”: estadia dun mínimo de tres meses fora de España nunha institución de ensino superior ou centro de investigación (en casos excepcionais, con autorización previa da CAPD, a estadia poderá realizarse ao longo do terceiro ano). Outras estadias facultativas.	Aprobación e informe titor/a e/ou director/a.	Aprobación e informe CAPD.	
	Participación en cursos ou seminarios de formación. Asistencia facultativa a congresos ou simposios.	Aprobación e informe titor/a e/ou director/a.	Informe da CAPD das actividades realizadas durante o segundo ano.	Aprobación EIDO-UVigo / EIDUC
	Redacción da tese de doutoramento.	Supervisión e aprobación periódica titor/a e/ou director/a.		
	En caso de haber asistido cunha comunicación sobre o proxecto de tese ao Coloquio Internacional de Estudos Literarios no ano anterior, submisión dun artigo derivado a unha revista Hesperia, ou outra.	Aprobación e informe titor/a e/ou director/a.	Proceso de <i>peer reviewing</i> da revista.	
Ano 3	Redacción da tese de doutoramento.	Supervisión e aprobación periódica titor/a e/ou director/a.		
	Depósito da tese de doutoramento.	Aprobación e informe titor/a	Aprobación e informe da	Aprobación EIDO-UVigo /

O alumnado matriculado na actualidade está progresando de forma totalmente satisfactoria, de maneira que non existe a necesidade de modificar os mecanismos de supervisión existentes.

1.4.- Garántese unha adecuada coordinación no caso dos programas interuniversitarios e as colaboracións

previstas na memoria desenvolvéronse adecuadamente.

Aspectos a valorar:

- O funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.
- Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A coordinación xeral do PD Interuniversitario en Estudos Literarios recaeu, até o momento, na Universidade de Vigo, mais realízase unha colaboración estreita entre as dúas universidades, regulada por un convenio de colaboración (cf. anexo) e polos respectivos regulamentos de estudos de doutoramento, de aplicación en ambas institucións:

- http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Uvigo/regulamento_estudos_doutoramento_definitivo.pdf
- http://www.udc.es/export/sites/udc/galeria_down/ensino/doutoramento/normativa/Reglamento2013e.pdf

A CAPD componse de forma equilibrada por representantes das dúas universidades (catro da UVigo e catro da UDC) e as súas sesións realízanse por videoconferencia. Ademais, para axilizar os procesos e ofrecer un apoio máis personalizado ao estudantado, a CAPD nomeou para cada universidade un membro da CAPD encargado de coordinar, de forma específica, os asuntos relacionados co alumnado matriculado na súa universidade: na UVigo, esta función foi asumida no período suxeito a verificación polo coordinador do programa, Dr. Antonio Chas Aguión, e na UDC pola vogal Dra. Eva Valcárcel López.

A CAPD realizou adecuadamente todas as funcións que lle son atribuídas no punto 5.1 da Memoria do PD e nos regulamentos dos estudos de doutoramento das dúas universidades.

A colaboración entre universidades materialízase na confluencia do seu profesorado en liñas de investigación comúns, que se estruturan en dúas macro-áreas de coñecemento e equipos de investigación. Así, o PD artículase mediante unha Liña e Equipo e Investigación 1 (Literaturas e culturas galega e portuguesa e Literatura medieval) e unha Liña e Equipo 2 (Literatura en lingua española e literatura comparada). En cada unha das liñas ou equipos, participa PDI das dúas universidades de forma equilibrada. Esta colaboración maniféstase tamén na realización dos xa mencionados Coloquios Internacionais de Estudos Literarios, dirixidos expresamente ao alumnado do PD, e cuxa segunda edición se realizará en 2017. Dos coloquios emanan publicacións conxuntas da produción científica do alumnado, como por exemplo o Volumen XVIII-2 (2015) da revista *Hesperia - Anuario de Filología Hispánica*.

Ao abeiro dos múltiples convenios internacionais da UVigo (5) e da UdC (18) realízanse actividades de mobilidade de estudantado e profesorado (cf. os anexos Estadías alumnado e Estadías profesorado), colaboracións a través de coloquios, seminarios e conferencias, como tamén para proxectos de investigación. Os convenios en vigor en cada universidade pódense atopar nas seguintes ligazóns:

- <http://bdi.udc.es/pubsivi/PUB/CC/consulta.html>
- https://uvigo.gal/uvigo_q/vida/mobilidade/convenios/index.html e
- https://www.uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/uvigo_q/DOCUMENTOS/internacional/curso-12-13/Erasmus-2017-18_Oferta_de_plazas_estudiantes_3x_ciclo.pdf
- <http://catedrasaramago.webs.uvigo.es/pt/catedra-jose-saramago/estatutos/estatutos-e-protocolos-da-i-catedra-internacional-jose-saramago-15/>

O bo funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as dúas universidades que imparten o programa tamén se desprende das informacións facilitadas a través da web propia do PD, como tamén das correspondentes webs da EIDO e EIDUC e do Portal de transparencia da UVigo:

- <http://doutoramentoestudiosliterarios.webs.uvigo.gal/>
- http://uvigo.gal/uvigo_q/centros/vigo/eido/
- <https://www.udc.gal/eid/>
- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/5>

Un exemplo para o funcionamento eficaz da coordinación entre as universidades sería a xestión transparente das actas da CAPD que se disponibilizan tamén na web propia do PD:

- <http://doutoramentoestudiosliterarios.webs.uvigo.es/capd/>

Debido a razóns administrativas nas dúas universidades, aínda non existe a posibilidade de ofrecer actividades formativas conxuntas para os grupos de doutorandas/os das dúas universidades. Con todo, a CAPD ten previsto insistir xunto das EIDOs das dúas universidades para que se resolvan estes problemas para poder deseñar actividades formativas conxuntas para os dous grupos (cf. tamén a Proposta 3 no Plan de mellora).

Constátanse pequenas diverxencias nas normativas e nos prazos dos calendarios correspondentes ao ámbito do doutoramento nas dúas universidades que deben ser abordadas polas EIDOs das dúas universidades, por exemplo, para evitar que se perdan oportunidades de matrícula (cf. tamén a Proposta 3 no Plan de mellora).

1.5.- A institución dá resposta ás posibles recomendacións realizadas no Informe de verificación e no seu caso nos posibles informes de modificacións, así como ás que puideran conter os sucesivos informes de seguimento.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No seu Informe de verificación final do 26/07/2013, a ACSUG recomendou engadir á web do título, na descrición do PD, a ligazón aos respectivos "Regulamentos de Estudos de Doutoramento", onde se inclúe a "Normativa de Permanencia" de cada universidade. Recomendaba tamén incorporar información ao alumnado sobre aspectos relacionados co financiamento da mobilidade. As ligazóns e informacións correspondentes foron introducidas en <http://doutoramentoestudiosliterarios.webs.uvigo.gal> e tanto a EIDO da UVigo como a da UDC informan axeitadamente sobre estas cuestións. Xa dende o inicio do PD a web leva informando regularmente sobre convocatorias de bolsas e outros aspectos relacionados coa mobilidade.

Tamén se recomendou facilitar o acceso ao "Regulamento de Estudos de Doutoramento" do SUG, común para os programas interuniversitarios, en relación cos criterios de acceso e admisión. Cando a Xunta de Galicia aprobe este regulamento, este será debidamente referenciado na web do PD e nas correspondentes páxinas das EIDOs da UVigo e da UDC.

Unha terceira e última recomendación pedía publicar a "Guía de boas prácticas" das dúas universidades, textos que agora se encontran dispoñíbeis tamén a partir de

- <http://doutoramentoestudiosliterarios.webs.uvigo.gal>.
- http://www.uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/uvigo_gl/DOCUMENTOS/centros/eido/norm_ins ti/guia_boaspracticas.pdf
- <https://www.udc.es/eid/normativa/>
- https://www.udc.es/export/sites/udc/eid/galeria_down/normativa/Guia_Boas_Practicas_EIDUDC.pdf

Tamén referenciados na web propia do PD.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.

2.1.- A institución publica información obxectiva, completa e actualizada sobre o programa de doutoramento, as súas características, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o programa é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do programa e as súas posteriores modificacións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información completa e actualizada sobre as características e o desenvolvemento do PD Interuniversitario en Estudos Literarios atópase nas páxinas oficiais das respectivas universidades:

- [Web do PD na UVigo](#)
- [Web do PD na UdC](#)

Ademais, toda a información, sempre coherente coa Memoria e xunto cun blog sobre novidades, actividades etc. está dispoñíbel na

- [Web conxunta do PD](#)

a cal tamén contén as novas máis destacadas.

A divulgación das novidades máis relevantes tamén se realiza, de forma simultánea, nas redes sociais a través de Facebook e Twitter:

- <https://www.facebook.com/doutoramentoestudiosliterarios>
- <https://twitter.com/EstudiosLit>

Os resultados cuantitativos do PD tamén se dispoñibilizan, en continua actualización, nas respectas webs de transparencia das dúas universidades:

- [Portal de transparencia da UVigo](#)
- [Portal de transparencia da UdC](#)

2.2.- A institución garante un fácil acceso á información relevante de programa de doutoramento a todos os grupos de interese.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do programa a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O fácil acceso a toda a información relevante, completa e actualizada, está garantido a través das diferentes vías xa indicadas no anterior punto 2.1.

A maiores, o alumnado do PD é contactado e informado con regularidade por correo-e pola coordinación do PD e ten tamén a posibilidade dun atendimento personalizado en cada unha das universidades.

2.3.- A institución fai público o SGC no que se enmarca o programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do SGC no que se enmarca o programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante sobre o sistema de garantía de calidade (SGC) do programa na UVigo vai estar

organizada de xeito centralizado na web da EIDO, na ligazón:

- http://www.uvigo.gal/uvigo_ql/centros/vigo/eido/calidade/

Os contidos desta web están en fase de deseño e de execución. A estrutura inicial conterá información acerca de:

- A documentación do SGC: o Manual de calidade, que inclúe a política e os obxectivos de calidade, e os procedementos.
- A día de hoxe pódese acceder ao manual de calidade (validado na Comisión de Calidade) e ás propostas de procedementos xa elaboradas.
- A información relacionada cos programas de calidade que compoñen o ciclo de mellora do programa (VSMA: verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación).
- A documentación relacionada cos órganos responsables do SGIC (principalmente, as actas da comisión de calidade da EIDO e os seus acordos). A día de hoxe pódese consultar a acta de constitución da Comisión de Calidade da EIDO.
- Outra información relacionada cos resultados do programa. A Universidade de Vigo ten centralizada unha boa parte da información institucional no Portal de Transparencia, ao que se pode acceder directamente e en aberto desde a súa web principal, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>. Este portal garante un fácil acceso á información específica dos resultados dos indicadores dos programas de calidade da titulación, dispoñible no Portal de Transparencia / UVigo en cifras, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/grupo/5>

O prazo previsto para terminar o desenvolvemento da web de calidade da Eido da UVigo é o 3º trimestre de 2017 (os detalles desta actividade poden atoparse na acción de mellora que se xunta), momento no cal o acceso a toda a información relevante por parte dos grupos de interese terá unha facilidade garantida.

No caso da UDC, a EIDUDC está traballando actualmente no deseño da documentación do SGC, elaborando o manual e os procedementos. Sobre esta situación, véxase a reflexión no criterio 3 e a Proposta número 6 no Plan de mellora, vinculada a este criterio. Polo tanto, aínda non resulta posíbel valorar o acceso á información relevante do SGC na UDC por parte dos grupos de interese. Con todo, engadimos aquí as ligazóns onde se pode verificar o proceso de desenvolvemento do deseño do SGC na EIDUDC:

- <http://www.udc.es/eid/seguimento/>
- <http://www.udc.es/eid/normativa/>
- http://www.udc.es/export/sites/udc/eid/galeria_down/normativa/Sistema_de_Garantia_Interno_de_Calidade_da_EIDUDCx1x.pdf

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: A institución dispón dun SGC formalmente establecido e implantado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua do programa de doutoramento.**

3.1.- O SGC implantado facilita os procesos de deseño e aprobación do programa de doutoramento, o seu seguimento, as modificacións e a renovación da acreditación.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo dende o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do programa.
- O seguimento das melloras do programa confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos propostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:Deseño do SGC na UVigo:

Os procesos de funcionamento do programa de doutoramento enmárcanse dentro do SGC da EIDO. Este SGC ten un carácter centralizado, isto é, abarca todos os programas de doutoramento oficiais adscritos a ela.

A estrutura deste sistema está actualmente en fase de deseño. Este deseño estase realizando mediante o traballo en diferentes niveis:

- Reunións coas outras dúas universidades do SUG (a USC e a UdC), que se veñen mantendo desde finais do ano 2016, cuxo obxectivo foi, considerando as directrices do programa Fides-Audit, debater sobre a identificación e organización dos procesos de funcionamento do sistema. Estas reunións conseguiron chegar a acordos ou ideas semellantes sobre os procesos básicos dos doutoramentos. O resultado foi o deseño xeral do Mapa de procesos do SGC da EIDO (marzo de 2017).
- En paralelo, un grupo de traballo arredor da Eido (Dirección da Eido, Área de Calidade, Sección de Posgrao) vén tendo reunións periódicas, desde o comezo de 2017, para desenvolver a estrutura e a documentación do SGC. O resultado disto foi a elaboración da *Estrutura do SGC provisional da Eido* que foi aprobada no Comité de Dirección da Eido do 12/03/2015.

Comisión de Calidade da EIDO (UVigo):

A Comisión de Calidade da Eido constituíuse, conforme establece a Estrutura do SGC provisional, o día 27/04/2017. Na mesma reunión nomeouse tamén a persoa coordinadora de calidade da Eido.

Ademais, a Comisión de Calidade, nesta primeira reunión, debateu e validou o Manual de Calidade da Eido, que, unha vez aprobado na seguinte reunión do Comité de Dirección (prevista para xullo de 2017), anulará e substituirá á Estrutura do SGC provisional. O Manual de Calidade incorpora, de xeito destacable, os seguintes aspectos:

- A presentación e estrutura académica e administrativa da Eido, de acordo co seu Regulamento de réxime interno (RRI).
- A estrutura organizativa e de responsabilidades institucionais e específicas da Eido sobre calidade (estas últimas están coordinadas no comité de dirección, dirección, comisión de calidade, coordinación de calidade e comisións académicas dos programas de doutoramento –CAPD-).
- O alcance, obxectivos xerais, directrices e marco legislativo e normativo do SGC.
- O mapa de procesos definitivo, que será o marco para desenvolver os procedementos do SGC.

Formando parte do Manual, a Comisión debateu tamén e validou a Política e Obxectivos de Calidade da Eido, que serán aprobados, se procede, tamén no vindeiro Comité de Dirección.

As actas da Comisión de Calidade poden atoparse na ligazón:

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/calidade/comision/

O Manual de Calidade coa Política e os Obxectivos de Calidade poden atoparse na ligazón:

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/calidade/

Desenvolvemento da documentación do SGC na UVigo:

Ademais do traballo sobre o Manual de Calidade, o grupo mencionado máis arriba comezou a traballar no desenvolvemento dos procedementos do SGC. As propostas deste documento irán debaténdose progresivamente na Comisión de Calidade, que os validará, e no Comité de Dirección, que os aprobará.

O mapa de procesos do SGC da Eido (véxase o Manual de calidade) identifica un total de 18 procesos. A día de hoxe están avanzados, en estado de proposta, un total de 10 procedementos que desenvolven estes procesos. Son os seguintes:

- DE-01 Planificación e desenvolvemento estratéxico e DE-02 Revisión do SGC pola dirección (procesos de Dirección estratéxica).
- MC-01 Xestión de queixas, suxestións e parabéns e MC-02 Medición da satisfacción (procesos de Xestión da calidade e mellora continua).
- XP-01 Deseño e verificación; XP-02 Seguimento, modificación e acreditación e XP-03 Suspensión e extinción (procesos de Xestión dos programas).
- XD-01 Control dos documentos e XD-02 Control dos rexistros (procesos de Xestión documental).
- IP-01 Información pública e rendemento de contas (proceso de Información pública).

Quedan pendentes:

- FI-01 Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as; FI-02 Xestión da mobilidade e FI-03 Autorización e defensa da tese (procesos de Formación dos investigadores/as).
- AC-01 Admisión e AC-02 Atención ao estudantado e orientación profesional (procesos de Xestión académica).
- PE-01 Xestión do persoal de apoio e PE-02 Xestión do persoal académico (procesos de Xestión do persoal).
- IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos (proceso de Xestión da infraestrutura).

O desenvolvemento destes procedementos está orientado a facilitar e garantir os procesos de deseño, implantación, mellora e renovación da acreditación dos programas de doutoramento asociados á Eido (o ciclo VSMA). Para isto, este traballo enfócase en 3 eixes en relación:

- Á lexislación e normativa.
- Á aplicación das esixencias do programa Fides-Audit e do resto dos programas da ACSUG que afectan aos doutoramentos e
- Á experiencia obtida nos procesos de deseño, implantación, acreditación e certificación dos centros e dos títulos de grao e mestrado (SGC dos centros), que permiten traballar con criterios de simplificación e eficiencia.

O prazo previsto para terminar este desenvolvemento é o 4º trimestre de 2017 (os detalles desta actividade poden atoparse na acción de mellora que se xunta).

As propostas de procedementos poden atoparse na ligazón:

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/calidade/

Para o caso da UDC véxase a reflexión no subcriterio 3.3.

3.2.- O SGC implantado garante a recollida de información e dos resultados relevantes para a toma de decisións e a xestión eficiente do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e

utilízaos para a toma de decisións e a mellora da calidade do programa, desenvólvense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento na UVigo estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan:

- Establecer os resultados previstos para os programas (procedementos de *Deseño e verificación dos programas* e de *Seguimento, modificación e acreditación dos programas*) a partir de datos históricos e/ou de estimacións futuras.
- Medir os resultados alcanzados polo programa, tanto en cada curso académico como na súa evolución, no que atinxe ao rendemento académico, satisfacción, cualificación do persoal, mobilidade, inserción laboral... (procedementos do proceso de *Formación dos/as investigadores/as, Medición da satisfacción, Xestión do persoal, Xestión de Queixas, Suxestións e Parabéns..*); analizar esta información e tomar accións de mellora (procedementos de *Seguimento, modificación e acreditación dos programas* e de *Revisión do sistema pola dirección*)
- Publicar e difundir estes resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles, tanto para responsables do SGC do programa como para a sociedade en xeral.

A información pública respecto destes resultados pode atoparse no Portal de transparencia da Universidade de Vigo, con acceso a partir do vínculo:

<https://seix.uvigo.é/uv/web/transparencia/>

Para o caso da UDC véxase a reflexión no subcriterio 3.3.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense plans de mellora para optimizalo.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- A implicación de todos os grupos de interese no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Revisión do SGC na UVigo

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan analizar e revisar o SGC periodicamente (procedemento de *Revisión do sistema pola dirección*). Esa revisión, dirixida pola dirección da Eido, contará cos grupos de interese determinados no Manual de Calidade (ex.: Comisión de Calidade) e no propio procedemento, e dará lugar aos plans de mellora que se consideren.

A primeira revisión pola dirección está prevista, en coherencia co desenvolvemento dos procedementos (véxase acción de mellora) para o 4º trimestre de 2018, despois de rematar o deseño destes e tras comezar a súa implantación. A documentación completa cos procedementos aprobados prevese enviar, para certificar o seu deseño pola ACSUG, no 1º trimestre de 2018.

Participación dos grupos de interese na UVigo:

Como se comentou anteriormente, o proceso de deseño do SGC estase desenvolvendo de xeito participativo no que están implicados:

- As persoas do grupo de traballo, que, ademais do persoal da Eido, forman parte de diferentes servizos relacionados coa escola.
- Os membros da comisión de calidade da Eido, que representan os diversos colectivos relacionados co doutoramento.
- Os membros do comité de dirección, que é o órgano colexiado de representación e de decisión da Eido.

Este proceso está regulado, ademais do establecido no Manual de Calidade, polo procedemento de *Control dos documentos*.

A medida que os procedementos se vaian deseñando e implantando, irán xerando os rexistros de calidade ou evidencias (véxase procedemento de *Control dos rexistros*) que manifestarán o resultados do funcionamento dos procesos e da aplicación da política e dos obxectivos de calidade aprobados.

No caso da UDC, a EIDUDC aínda non conta cun SGC formalmente establecido e implantado para asegurar a mellora continua dos seus programas de doutoramento e que nutra os procesos de seguimento e acreditación dos mesmos. A Universidade da Coruña, consciente desta circunstancia, e a través da EIDUDC, en colaboración coa Unidade Técnica de Calidade (UTC), está traballando no deseño da documentación do SGC, elaborando o manual e los procedementos. Para tal fin, estableceuse unha serie de accións a desenvolver no presente curso académico 2016/2017 e no curso académico 2017/2018, que culminarán co envío da documentación do SGC á ACSUG de cara á certificación do seu deseño.

Neste momento, constituíuse o grupo de traballo e comezaron os traballos na elaboración da proposta de manual e procedementos do SGC. Está previsto finalizar esta fase no primeiro trimestre do curso académico 2017/2018, coa presentación e aprobación da documentación por parte da Comisión Permanente do Comité de Dirección da EIDUDC. Con todo, engadimos aquí as ligazóns onde se pode verificar o proceso de desenvolvemento do deseño do SGC na EIDUDC:

- <http://www.udc.es/eid/seguimento/>
- <http://www.udc.es/eid/normativa/>
- http://www.udc.es/export/sites/udc/eid/galeria_down/normativa/Sistema_de_Garantia_Interno_de_Calidade_da_EIDUDCx1x.pdf

Véxase en relación a todo este proceso a Proposta 6 do Plan de mellora.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: O PDI é suficiente e axeitado, de acordo coas características do programa, o ámbito científico e o número de estudantes.**

4.1.- O PDI reúne os requisitos esixidos para a súa participación no programa e acredita a súa experiencia investigadora.


Aspectos a valorar:

- O PDI que participa no programa conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición deste e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Débese actualizar a información proporcionada no momento da verificación.
- A institución ofrece oportunidades ao PDI e de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do PDI en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:


Tal como o establece a Memoria do PD nos seus puntos 5.1 e 6, o profesorado do PD continúa a ser plenamente cualificado, cumpríndose os requisitos mínimos establecidos pola Memoria: estar en posesión a) do título de doutor/a, coa especialización en estudos literarios, e b) dispor como mínimo dun tramo de investigación recoñecido.

O profesorado do PD está distribuído de forma equilibrada por dous equipos de investigación (Literatura galega e portuguesa & Literatura medieval e Literatura en lingua española & Literatura Comparada) que, pola súa vez, se corresponden coas dúas liñas de investigación aos que se poderá acoller o estudantado, e como se desprende do seguinte gráfico:




O punto 5.1 da Memoria tamén establece o requisito de que a totalidade do profesorado implicado conte ao menos cun tramo de investigación recoñecido, unha esixencia coa que cumpriu o PD até á actualidade. Como se pode entrever na seguinte organización dos datos correspondentes, o PD dispón dun número elevado de sexenios cunha media xeral de 2,37, distribuídos de forma bastante equilibrada entre as dúas

universidades (cf. tamén Anexo 5, Táboa 1):



Estes datos indican que a esixencia da Memoria de que o profesorado con sexenio vivo non debería ser inferior ao 60% respecto do total, para garantir os criterios de calidade necesarios para a consecución da Mención de excelencia nos programas de doutoramentos, está a ser cumprida neste momento: a porcentaxe de PDI con sexenio 'vivo' alcanza o 77,8% superando así o nivel requirido pola Memoria, e incluso o nivel inicial que, no curso 2013-14, era dun 70% (IPD15). Na UVigo a porcentaxe de profesorado con sexenio 'vivo' rexistra neste momento o excelente resultado de 93,3%, mentres na UDC a porcentaxe actual é do 50%, só lixeiramente inferior ao que prescribe a Memoria (sendo que parte do profesorado da UDC sen sexenio 'vivo' xa procedeu no ano pasado ás solicitudes de renovación correspondentes).

En relación á experiencia en formación no ámbito do doutoramento, o profesorado do PD rexistra un número considerábel de teses dirixidas e lidas nos últimos cinco anos, provenientes de programas de doutoramento anteriores, como o evidencia a seguinte esquematización dos datos (cf. tamén Anexo 5, Táboa 1):




Non houbo até o momento teses defendidas en réxime de codirección (IPD14). Con todo, existen neste momento dous proxectos de teses codirixidas (un en cada universidade).

A porcentaxe de profesorado estranxeiro que dirixe teses (IPD16) é irrelevante (1,8%), xa que só existe un profesor de nacionalidade estranxeira no PD (pertencente á Liña 1 na UVigo). Por esta razón, a Proposta número 3 do Plan de mellora incide na necesidade de crear unha base de datos internacional de doutoras/es que poidan ser incorporadas ao PD como codirectoras/es.

A discrepancia que se verifica entre o número de teses dirixidas entre o Equipo 1 e o Equipo 2 está relacionado coa natural circunstancia, xa referida, de que a matrícula nas titulacións do ámbito de Lingua e Literatura Galega é habitualmente menor.

Tanto a experiencia docente como a experiencia investigadora do PDI do PD quedan tamén acreditadas a través dunha alta mobilidade nos últimos cinco anos (cf. datos infra). No que se refire de forma específica á experiencia investigadora, o profesorado do PD lidera neste momento 7 grupos de investigación nas dúas universidades, nos que participan un total de 77 investigadoras/es (membros titulares, colaboradoras/es e investigadoras/es en formación):



Información específica sobre os grupos de investigación está dispoñíbel a través das seguintes ligazóns:


- <http://illa.udc.gal/>
- <https://unidadedamullereciencia.xunta.gal/ficha/feminario-interdisciplinar-teoria-feminista-e-teoria-queer>
- <http://e-lite.uvigo.gal/>
- <http://www.udc.gal/Hispania>
- <http://gaelt-uvigo.blogspot.com/>
- [ELICIN \(ELYCE-LITERACINE\)](#)

Convén destacar que dous dos grupos, e-Lite e Feminario, se compoñen exclusivamente de membros titulares pertencentes ao profesorado do PD.

Outro aspecto que evidencia a solvencia investigadora do profesorado do PD Interuniversitario en Estudos Literarios é o número considerábel de proxectos de investigación concedidos en convocatorias competitivas que neste momento se atopan en activo nos diferentes grupos, tal como o resume o seguinte gráfico (cf. tamén Anexo V, Táboa 3):



A contía total destes proxectos alcanza case o medio millón de euros, que representa unha cifra importante no eido das Humanidades (cf. tamén Anexo V, Táboa 3):



Convén destacar que a grande maioría dos proxectos é de carácter estatal: 77%. Só un 15% é de financiamento autonómico mais tamén hai un proxecto, liderado pola UVigo, de financiamento exclusivamente internacional. Moitos destes proxectos son continuacións de proxectos anteriores, co que se comproba e confirma a continuidade da solvencia investigadora do profesorado do PD.

Ambas as institucións académicas ofrecen ao seu PDI diferentes tipos de apoio para a actualización e formación continua, sexa a través da oferta de cursos, apoio á mobilidade e á investigación en xeral.

Sirvan como exemplo as seguintes ligazóns:

- <http://otri.udc.gal/investigadores/>
- http://profesorado.uvigo.gal/vicprof_gl/formacion/formacion/index.html
- https://uvigo.gal/investigacion/axudas_2009/

En canto á participación do PDI en programas de mobilidade, rexistrouse nos últimos 5 anos un elevado número de estadias internacionais (21), cinco dos cales foron de longa duración:



Todos estes datos demostran a absoluta suficiencia do PDI do PD no que se refire á formación -incluíndo a formación continua e mobilidade-, e a súa elevada cualificación investigadora.

4.2.- O PDI é suficiente e ten a dedicación necesaria para desenvolver as súas funcións de forma axeitada, considerando o número de estudantes en cada liña de investigación e a natureza e características do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- O PDI é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todo o PDI do do PD ten dedicación a tempo completo e un 40% ten un número igual ou superior a tres tramos recoñecidos, cunha elevada taxa de sexenios 'vivos', o que repercute nunha importante redución de horas de docencia a impartir. A relación numérica xeral profesorado-estudantado é boa (2,1 estudantes por docente), con todo, dende o punto de vista da Liña de investigación 2 a relación é algo superior (3,2 estudantes por director/a, mentres que na Liña 1 é de 1,1):



Aínda que o número de PDI do PD sexa absolutamente suficiente para realizar a súa función, de cara ao futuro o PD terá que buscar vías para equilibrar a *ratio* profesorado/estudantado nas dúas liñas de investigación (cf. Proposta 3 do Plan de mellora).

4.3.- O programa de doutoramento conta con mecanismos de recoñecemento da labor de titorización e dirección de teses.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses que a institución ten posto en marcha a través da correspondente normativa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na súa NORMATIVA DE RECOÑECIMIENTO DE ACTIVIDADES DOCENTES DO PDI (Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016), a UVigo recoñece un total de 40 horas por tese defendida nos 3 cursos anteriores á elaboración do POD. Na UDC, a dirección de teses de doutoramento defendidas na UDC nos últimos 3 anos puntuará 1 crédito por cada tese, ata un máximo de 2 créditos (se houber máis de 1 director/a, dividiríase polo número destes).

En termos xerais, considérase que estes recoñecementos son suficientes, aínda que para certos trámites administrativos do doutoramento, nos que as/os directoras/es están implicadas, podería existir máis apoio por parte das institucións (cf. a reflexión no criterio 4.5).

4.4.- O grao de internacionalización do programa: a participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e tribunais de teses é axeitada segundo o ámbito científico do programa.

Aspectos a valorar:

- O grao de internacionalización do programa analizarase a partir de datos como o grao de participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e nos tribunais de teses. Valorarase o número de colaboracións e a estabilidade no tempo das ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Debido á súa creación recente, no PD Interuniversitario en Estudos Literarios aínda non se puideron constituír tribunais para a defensa de teses. Con todo, a CAPD recomenda a presenza de expertos internacionais en todos os futuros tribunais de tese (cf. Informe correspondente da CAPD).

Neste momento, a internacionalización do PD (IPD17) se caracteriza, por exemplo, pola presenza de especialistas convidados nos Coloquios Internacionais de Estudos Literarios, nos cales o estudiantado presenta os seus proxectos de tese e os somete a debate (cf. Planificación das actividades formativas e cronograma, punto 1.3.). Tamén cabe lembrar os 23 convenios internacionais, xa mencionados (cf. criterio 1.4).

A maiores, aqueles doutorandos/as integrados/as en grupos e/ou proxectos de investigación, beneficiáanse das redes internacionais destes grupos en canto a mobilidade e asesoramento relacionado coas súas investigacións. O PD organiza tamén con regularidade ciclos de conferencias, seminarios e coloquios para o alumnado coa presenza de especialistas de universidades estranxeiras.

4.5.- O persoal de apoio que participa no desenvolvemento do programa é suficiente e adecuado en función das características do mesmo e do número de estudantes matriculados.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender ao persoal docente e estudantes do programa.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tanto na UDC como na UVigo existen Escolas Internacionais de Doutoramento que coordinan, xunto coa CAPD, a xestión diaria do PD. En ambas universidades, unha parte da xestión se atopa centralizada a través das respectivas secretarías virtuais:

- <http://www.udc.es/eid/admision/>
- http://www.uvigo.gal/uvigo_ql/centros/vigo/eido/oferta/index.html

De maneira xeral, a información ofrecida de forma virtual, a explicación e a orientación relativos aos procesos administrativos resulta moi clara e concisa no caso da UDC. No caso da UVigo, a web resulta un pouco menos clara, ao ter un interface algo máis espeso. Recentemente, a EIDO da UVigo xa realizou melloras e espérase acadar unha estrutura máis amigábel antes do inicio do curso 2017-2018.

En relación ao persoal de apoio na administración do ámbito de doutoramento, a UDC realizou unha RPT en 2015, polo que esta universidade goza neste momento dunha organización e dun organigrama claro no que se refire aos estudos de doutoramento (http://www.udc.gal/export/sites/udc/pas/galeria_down/RPT/RPT_2015_proposta.pdf), cunha organización que se pode considerar suficiente e adecuada.

No caso da UVigo, aínda non existe unha RPT implantada e, neste momento, persiste unha triple división de tarefas entre a EIDO, un Negociado de Terceiro Ciclo e as secretarías de alumnado dos respectivos centros (no noso caso, a FFT). Esta situación tivo como consecuencia complicacións administrativas puntuais de diferente tipo, debido á distribución de tarefas e competencias non sempre coordinadas de forma axeitada polas referidas instancias. Esta coordinación mellorable debeuse, na nosa consideración, á falta dun organigrama definido e inequívoco, por unha banda, e á vixencia dunha aplicación informática

para o alumnado de doutoramento en Xescampus aínda suxeita na actualidade a iniciativas de mellora. Por exemplo, o proceso de matrícula e pago das taxas do alumnado estranxeiro necesita ser mellorado, así como tamén a xestión e coordinación dos prazos ou a distribución das tarefas entre as diferentes instancias implicadas e a CAPD.

Na UVigo está en marcha unha RTP, que encara unha reorganización das actividades e unha optimización dos recursos. Esperamos que sirva para clarificar a situación, reducir as incidencias e mellorar os procesos de xestión (incluída a atención ao alumando). Porén, é posible albergar dúbidas acerca de se a RPT en curso na UVigo será suficiente para solucionar estes problemas: pódese prever que a medio prazo terá como consecuencia unha redución do número do PAS especificamente asociado aos estudos de doutoramento, con formación e experiencia específica. Tampouco existe aínda certeza sobre se a Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo, centro no que se localiza a estrutura do PD desta universidade, poderá seguir contando coa presenza física de PAS que apoiem as tarefas de doutoramento. Resulta evidente que a accesibilidade, a proximidade e a especialización do PAS son fundamentais para un óptimo funcionamento da xestión administrativa dunha titulación, no noso caso o PDIEL. En calquera caso, esta situación só se poderá avaliar definitivamente cando a RPT estea completamente implantada na UVigo.

Tamén é necesario facermos unha reflexión xeral sobre a suficiencia do apoio administrativo ao persoal docente e ao estudiantado do programa, que se deriva non só das situacións específicas en cada universidade, mais tamén da lexislación vixente e da súa interpretación no contexto do SUG. Así, as restricións no que se refire á contratación non afectaron soamente a renovación do cadro de persoal en todos os niveis, senón que tamén supuxeron a crecente, e ás veces innecesaria, burocratización da administración universitaria. Esta situación (conxelación e buracratización) tivo como consecuencia unha descarga cada vez maior de traballo administrativo no PDI. Esta evolución repercutirá inevitabelmente na calidade docente e investigadora do PDI que se involucra en tarefas de xestión e coordinación. Sería desexábel redefinir as RPTs de cara a unha situación ideal, que consistiría en que se asociase directamente un persoal administrativo concreto, e competente en materia de terceiro ciclo, aos programas de doutoramento, sen dispersar estas competencias por diferentes servizos con persoal de competencia irregular.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Os recursos materiais e os servizos postos a disposición para o desenvolvemento das actividades previstas son os axeitados, en función das características do programa de doutoramento, o ámbito científico e o número de doutorandos.

5.1.- Os recursos materiais dispoñibles son suficientes e axeitados en relación ao número de doutorandos de cada liña de investigación e á natureza e características do programa.

Aspectos a valorar:

- Os recursos materiais e outros medios dispoñibles (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos, etc.) son adecuados en función do número de estudantes do programa.
- Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1) Os recursos materiais, infraestruturas e servizos destinadas ao proceso formativo nas dúas universidades integrantes do PD son suficientes para o número de alumnado e son axeitadas para a natureza e modalidade do título. Permiten adquirir as competencias e coinciden coas previsión expostas na memoria.

Os recursos materiais e servizos manteñen como base os recollidos na Memoria do título, tal como se expón no seu apartado 7 (pp. 32-33), e foron ampliados e mellorados aínda máis nestes anos.

Así, tanto a Universidade da Coruña como a Universidade de Vigo teñen dispoñibilidade de bibliotecas (con sede física e en formato electrónico), salas de estudo e reunión, aulas, seminarios dotados de recursos electrónicos, aulas de informática e recursos tecnolóxicos, aulas para distintas modalidades de videoconferencia etc.

-Biblioteca: Os servizos de bibliotecas de ambas universidades levan a cabo un labor continuo e rigoroso de adquisición de novidades de interese en formato libro, por unha banda, e de actualización dos recursos bibliográficos e de documentación de carácter electrónico, por outra.

As bibliotecas (centrais e específicas dos centros, neste caso a Facultade de Filoloxía e a Facultade de Filoloxía e Tradución) de ambas institucións realizan un esforzo de recursos e de selección considerable, neste sentido (<http://www.biblioteca.uvigo.es/> na UVigo e <https://www.udc.es/biblioteca> na UDC). Esta actualización realízase a través das adquisicións solicitadas por grupos e proxectos, orientadas ás liñas de investigación e ás perspectivas metodolóxicas que se promoven. Deste enriquecemento participa de maneira activa o PDI do PD en Estudos Literarios –individualmente, a través de proxectos ou do departamento correspondente–, solicitando aquela bibliografía e recursos precisos para o desenvolvemento das liñas de investigación e dos distintos proxectos de tese. Tamén o alumnado, e especialmente o alumnado bolseiro, contribúe á constitución dun acervo bibliográfico e documental en constante progreso.

Ademais, ambas universidades contan con repositorios de traballos científicos (publicacións e traballos académicos) que facilitan o acceso a documentación, ao tempo que visibilizan as contribucións de PDI e alumnado (Investigo: <http://www.investigo.biblioteca.uvigo.es/xmlui?locale-attribute=gl>, na Universidade de Vigo; e RUC: <http://ruc.udc.es/dspace/>, na Universidade da Coruña).

As bibliotecas das universidades galegas están así mesmo integradas nunha rede de colaboración: Consorcio de *Bibliotecas Universitarias de Galicia* (<http://www.bug Galicia.org/>) que proporciona acceso a un amplo catálogo de recursos electrónicos. Estes inclúen recursos de texto completo, recursos referenciais (bases de datos), BX-Hot articles, o xestor de enlaces SFX Pórtico ou xestores de referencias bibliográficas, entre outras funcionalidades.

Os fondos bibliográficos e recursos documentais considéranse suficientes e están en constante actualización.

-Habilitación de espazos para persoal bolseiro: actualízanse e renóvanse os despachos destinados a este fin, integrados nos distintos departamentos das dúas universidades. Estes despachos son dotados de equipos informáticos e electrónicos suficientes e actualizados, de maneira que o alumnado bolseiro pode desenvolver a súa investigación, documentación, preparación e elaboración de traballos científicos (comunicacións, artigos etc.).

-Para propiciar un acceso aos recursos electrónicos proporcionados ou contratados (revistas electrónicas con subscripción) por ambas universidades mantéñense e mellóranse as conexións wifi en todos os centros e espazos.

-Aulas, seminarios, salóns de actos e graos. Como se sinalou, seguen a pleno rendemento as

instalacións e dotacións sinaladas no punto 7 da Memoria. Todas as aulas dispoñen de ordenadores e conexión internet, tomas eléctricas etc. No caso da FFT (UVigo) o salón de actos está dotado con tecnoloxía que permite tradución simultánea directa e inversa, de grande utilidade en congresos e coloquios internacionais.

Máis alá disto, nestes cinco anos realizáronse novas incorporacións que permiten ofrecer un servizo aínda mellor, como a instalación de tecnoloxía de autogravación de aulas na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo (<http://fft.webs.uvigo.es/>) ou o desenvolvemento de MOOCs por parte do PDI, como mostra da aplicación de novas tecnoloxías (TIC) á formación e orientación.

-Mantense e mellórase a aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para toda a comunidade. Como se sinalaba na memoria, o centro conta coas condicións necesarias de accesibilidade (ascensores, rampas, cuartos de baño adaptados) para permitir unha normal participación de persoas con todo tipo de necesidades especiais, de acordo coa normativa vixente.

En definitiva, a dotación de instalacións, infraestruturas tecnolóxicas e servizos dos respectivos centros e institucións son adecuadas e abondas para desenvolvemento das actividades formativas e os obxectivos do PD.

2) Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.

Na memoria expresábase unha previsión de axudas ao alumnado, de xeito aproximado e con reservas, situada en torno ao 40%:

"Por lo que respecta a las ayudas a los futuros doctores para la asistencia a cursos, congresos y reuniones científicas, resulta sumamente difícil comprometer una previsión, ya que depende de factores externos al programa, como la política de becas, y más aún en un período de fuertes restricciones económicas; aun así, en atención a los datos de años anteriores, cabe esperar un porcentaje de doctorandos con algún tipo de ayuda de en torno al 40%" (Punto 7, Memoria).

A comisión académica comprometéase en calquera caso a "mantener informados a quienes se matriculen en este programa, a través de diferentes medios, incluida la web, acerca de convocatorias y ayudas que contribuyan a facilitar a los doctorandos la asistencia a cursos, congresos y otro tipo de actividades formativas en el marco del programa".

A CAPD mantivo e cumpriu con ese compromiso, nas dúas universidades integrantes do PD.

- a) Como se prevía na memoria, os grupos de investigación implicados no programa foron quen de obter recursos en convocatorias competitivas estatais, autonómicas e das respectivas universidades, para realizar proxectos e sufragar numerosas estadias de investigación de alumnado (Véxanse Táboas 2 e 3 do Anexo V).
- b) A comisión académica da UVIGO convocou bolsas específicas, dentro do propio programa de doutoramento e destinado ao seu alumnado, para realización de estadias no estranxeiro ou noutras universidades, asistencia a congresos etc., tal como se reflicte nas súas actas. Nos anos 2014 e 2016 convocáronse un total de seis bolsas para mobilidade do alumnado do PD, en ambos casos por un importe total de 1.500 euros, procedentes do presuposto que outorga a EIDO (UVigo) a este PD.
- c) Por outra banda, a Universidade da Coruña desenvolveu convenios con entidades privadas, que implican un mecenado a través de bolsas para alumnado da UDC: é o caso das bolsas UDC-Inditex, das que se beneficiou alumnado deste PD matriculado nese centro (Véxase Anexo Táboa de estadias do alumnado).

A previsión para os próximos anos é manter e, na medida das necesidades do programa, consolidar e intensificar estas axudas. Boa parte delas están garantidas polo número de proxectos en curso e polo dinamismo que mostran os diferentes grupos (das dúas liñas e de ambas universidades) para solicitar e lograr novos proxectos. Considérase, en definitiva, que se cumpriu coa previsión exposta na memoria e que as dúas universidades fixeron efectivos os compromisos incluídos nela.

3) A valoración do alumnado da UVigo refrenda esta afirmación e materializa unha avaliación favorable: as enquisas de satisfacción realizadas ao alumnado do 3º ano (Bloque 4: Os recursos) ofrecen unha cualificación de 4,5 / 5, moi por encima da media de valoración do conxunto dos programas de doutoramento da UVigo (3,8 / 5). Cómpre sinalar, en calquera caso, que a valoración do bloque 4 por parte do alumnado do 1º ano é moi inferior: 2,8 / 5 para o PD en Estudos Literarios, fronte ao 3,8 / 5 do conxunto dos programas. Esta diferenza de case dous puntos na valoración dos recursos por parte dos dous grupos de estudantes condúcenos a dúas reflexións: a) en positivo: canto máis avanza o alumnado no programa, mellor valora os recursos ofrecidos, o que significa que canto máis experiencia e aproveitamento se ten, máis se aprecian as ferramentas ofrecidas e que, polo tanto, os recursos son axeitados; b) en negativo: cumprirá identificar os motivos de insatisfacción do alumnado de 1º ano e actuar para solucionar os problemas (cf. Proposta número 2 do Plan de mellora).

5.2.- Os servizos de orientación académica responden as necesidades do proceso de formación dos estudantes como investigadores.

Aspectos a valorar:

- Os servizos de orientación académica e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tanto a coordinación do título na Universidade da Coruña como a coordinación na Universidade de Vigo proporcionan ao alumnado a información, asesoramento, orientación e tutela segundo van precisando en cada etapa. Así, os labores de orientación son máis intensos no 1º ano de doutoramento, no que o alumnado toma contacto por primeira vez coa toma de decisións, elaboración de proxectos, cumprimento de prazos, trámites burocráticos e uso de aplicacións informáticas. Para o alumnado neste 1º ano organízanse cursos e seminarios de formación básica (Documentación, Bibliotecas, Iniciación á investigación, Monográficos sobre periodización literaria), destinados a orientar o alumnado no seu progreso académico, en ambas universidades (Véxanse Anexos: Informe sobre perfil de ingreso, actividades formativas organizadas polo PD e sistema de control).

No caso de alumnado proveniente de titulacións alleas aos estudos literarios (Artes, Historia), indícase en que materias deben inscribirse para acadar a formación fundamental no campo de estudo do PD.

Merece reflexión o desequilibrio entre os graos de ocupación de cada unha das liñas de investigación, ao que xa se fixo referencia máis arriba (Véxase punto 4.2). Así, no que se refire á porcentaxe de estudantes segundo a liña de investigación (IPD13), atopamos que dun total de 57 estudantes, 41 seguen a liña 2 (Literatura en lingua española e literatura comparada), mentres que na liña 1 (Literaturas e culturas galega e portuguesa e literatura medieval) se inscriben 16 estudantes. Isto implica que a liña 2 acolle a un 71,9% do estudantado mentres que a liña 1 acolle un 28,07%. Como xa se indicou, esta distribución responde a

causas alleas ao propio programa de doutoramento e explícase basicamente pola situación sociolingüística e polo desigual interese que provocan as linguas galega e castelá. Tendo en conta que os estudos galegos deben ser considerados como un ámbito estratéxico a nivel autonómico, será necesario introducir medidas que melloren o atractivo da liña 1 e aumenten o número de matrícula (véxase a Proposta número 3 do Plan de mellora).

-Valoración do alumnado:

Tendo en conta que a UDC aínda non realizou enquisas sobre a satisfacción do alumnado (véxase reflexión no Criterio 6.4) só se poderá analizar aquí a situación na UVigo.

A valoración que o alumnado do PD na UVigo fai dos servizos de orientación académica e de atención ao estudante resulta moi satisfactoria no grupo que se sitúa no 3º ano.

Así, nas enquisas de satisfacción deste grupo obtense unha boa puntuación tanto no bloque "3. Os axentes implicados" como no bloque "2. Os procedementos administrativos". Para o bloque 3, en conxunto, o resultado é unha nota de 4.5 / 5, superior ao 3,9 / 5 de media do conxunto dos PDs da UVigo. Para o bloque 2, atopamos unha puntuación de 4 / 5, case un punto por riba da valoración media dos PDs da UVigo.

Conséguese reverter a imaxe que ofrecen as enquisas de satisfacción do grupo de 1º ano (o alumnado de nova incorporación), quen fan unha valoración menos favorable: no bloque 3, a nota global obtida por este PD é 3,5 / 5 (inferior ao 4,3 do conxunto dos PD da UVigo) e no bloque 2 é de 3 / 5 (frente ao 3,7 / 5 do conxunto).

Certamente, esta diferenza na valoración e na experiencia de cada grupo de alumnado debe ser obxecto de reflexión e análise. É certo que a experiencia mellora no caso do alumnado con maior percorrido, e que isto só se pode interpretar como froito dunha boa práctica. Mais tamén resulta evidente que deben de existir certos aspectos mellorables na xestión e administración, na tramitación de documentos e no funcionamento das aplicacións informáticas.

Así o confirman os datos desagregados por preguntas, que revelan unha considerable falta de satisfacción no relativo a algunhas cuestións que exceden o ámbito do programa de doutoramento. As valoracións referidas ao labor da coordinación, de titoras/es e directoras/es son positivas (5 / 5, 5 / 5 e 4,3 / 5, respectivamente no alumnado de 3º ano) (véxanse as Táboas sobre enquisas de satisfacción na UVigo).

Enquisas de satisfacción Programa de Doutoramento en Estudos Literarios

Comparativa por bloques

Universidade de Vigo Curso 2015-16	Participación	Resultado global	Bloque 1: Información xeral do programa	Bloque 2: Os procedementos administrativos	Bloque 3: Os axentes implicados	Bloque 4: Os recursos	Bloque 5: Oferta formativa
Resultados do PDEL							
Alumnado no seu 1º ano de doutoramento (novo ingreso)	40%	3,3	3,3	3	3,5	2,8	4,1
Alumnado no seu 3º ano de doutoramento (ingreso no curso 2013-14)	33%	4,3	4,2	4	4,5	4,5	4,3
Media dos PD da Universidade de Vigo							
Alumnado no seu 1º ano de doutoramento (novo ingreso)		3,9	3,3	3,7	4,3	3,8	4,4
Alumnado no seu 3º ano de doutoramento (ingreso no curso 2013-14)		3,5	2,8	3,1	3,9	3,8	3,8

-Alumnado de 3º curso: as puntuacións obtidas nas preguntas 14 e 15, referidas a procedementos informáticos xerais da UVigo, ofrecen as dimensións máis baixas do conxunto do bloque "2. Os procedementos administrativos". A pregunta 14 obtén 3 / 5 e a 15 3,5 / 5, (UVigo 3 / 5 e 3,1 /, respectivamente).

Bloques		Preguntas (Enquisa de satisfacción para alumnado no 3º ano)	PD en Estudos Literarios	Media dos PD da UVigo
Datos Personais	1			
	2			
	3			
	4			
	5			
1 Información Xeral do Programa	6	A información pública na web sobre o programa (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación) foi satisfactoria.	4,7	3,6
	7	Estou satisfeito/a coa información proporcionada sobre as modalidades de presentación da tese (tradicional ou por compendio de artigos)	4,3	3,2
	8	Estou satisfeito/a coa información proporcionada sobre a mención internacional	4,3	3,1
	9	Coñezo o sistema de bolsas/contratos da etapa de formación para o alumnado de doutoramento	5	3,5
	10	Coñezo o sistema de bolsas/contratos para os/as investigadores/as posdoutorais.	3,7	1,9
	11	Facilítouse información sobre saídas profesionais tras o doutoramento.	3	1,7
		Subtotal	4,2	2,8
2 Os procedementos administrativos	12	A organización do proceso de renovación da matrícula.	4,5	3,5
	13	Coñezo os trámites administrativos que debo seguir antes de defender a miña tese.	5	2,4
	14	Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas foron satisfactorios.	3	3
	15	Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos plans de investigación foron satisfactorios	3,5	3,1
	16	Os procedementos relativos ás avaliacións anuais foron satisfactorios	4	3,4
		Subtotal	4	3,1
3 Os axentes implicados	17	Estou satisfeito/a co labor do/a coordinador/a do programa	5	4
	18	Estou satisfeito/a co labor do/a meu/ma titor/a.	5	4,4
	19	Estou satisfeito/a co labor do/a/s meu/ma/s director/a/s de tese.	4,3	4,4
	20	O profesorado do programa fomenta a crítica científica e maila actividade investigadora.	3,7	4,3
	21	Estou satisfeito/a co labor do persoal administrativo do centro (Facultade, Escola).	4,7	3,7
	22	Estou satisfeito/a co funcionamento da Sección de Posgrao da Universidade de Vigo.	4,7	3,2
	23	Estou satisfeito/a co funcionamento da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) da Universidade de Vigo.	4,3	3,3
		Subtotal	4,5	3,9
4 Os recursos	24	O programa dispón dos medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para desenvolver satisfactoriamente a miña tese.	4,3	3,8
	25	Os espazos de traballo (para os/as doutorandos/as, a biblioteca, os laboratorios, etc.) son axeitados.	4,7	3,9
		Subtotal	4,5	3,8
5 Oferta formativa	26	O tema da miña tese respondeu ás miñas expectativas.	5	4,2
	27	O programa achegoume coñecementos novos, precisos e actualizados.	4,3	4
	28	A oferta formativa do programa (cursos, seminarios, etc. obrigatorios e/ou complementarios) foi satisfactoria, de interese e de calidade.	4,3	3,3
	29	Elixín este programa pola súa relación cos meus obxectivos profesionais.	3,7	4
	30	O programa abriume novas perspectivas cara á miña inserción laboral.	3,7	3,3
	31	O meu esforzo e dedicación foron suficientes para a miña investigación.	3,7	3,8
	32	En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento.	4,3	3,6
	33	Coa información da que dispoño nestes momentos, volvería elixir este programa para realizar estudos de doutoramento	5	4
		Subtotal	4,3	3,8
Global			4,3	3,5

-Alumnado de 1º curso: as puntuacións obtidas na pregunta 9 (referida a procedementos informáticos) do bloque 2 é 2,7 / 5. Por outra banda, no bloque 3 (relativo aos axentes implicados) a cuestión 16 (referida ao funcionamento da sección de posgrao) recibe unha valoración de 2,8 /5, moi inferior á valoración do conxunto de alumnado doutorando dos PD da UVigo (4 / 5). Estes aspectos, en concreto, sitúanse fóra da competencia e do ámbito de actuación e toma de decisións deste programa de doutoramento.

A puntuación acadada na cuestión 17 -referida aos "medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para desenvolver satisfactoriamente" a tese de doutoramento- é moi baixa (2,3 / 5) e merece unha reflexión por parte da CAPD. Resulta desacougante e desconcertante o grao de insatisfacción cos medios documentais e bibliográficos que semella revelar esta cifra tan pobre. Malia a reflexión efectuada, polo momento non dispoñemos dunha explicación certa satisfactoria. En calquera caso, constátase de que o alumnado non é consciente (aínda) da cantidade e calidade dos recursos e fontes bibliográficas que están á súa disposición, como materia prima, para desenvolver o seu proxecto de investigación. É labor dos axentes deste PD mostrarlles as ferramentas de traballo e as vías de acceso a elas.

Como primeira hipótese de traballo, contemplanse no seu momento unha posible inadaptación inicial do alumnado aínda que, dado que polo seu perfil proveñen na súa maioría de estudos de letras, non parece ter moito sentido esa "desorientación".

Por unha banda temos constancia, como PDI, de que o servizo de bibliotecas de Vigo está actualizado e enriquecese habitualmente coas demandas dos proxectos e grupos de investigación vinculados ao PD. Por outra banda, como se indica no informe de actividades (Ver anexo), a CAPD pon á disposición do alumnado de 1º ano un curso de xestión de documentación e uso de bibliotecas (30 horas), en colaboración co Servizo de referencia da Biblioteca central da UVigo, que cobre todos os aspectos básicos para o aproveitamento de recursos bibliográficos (electrónicos e en papel) na investigación literaria. En vista dos resultados do alumnado de 1º ano, probablemente se debería pensar nun cambio de calendario deste curso: en lugar de desenvolverse en marzo, sería conveniente que se celebrase nos últimos meses do ano (no primeiro trimestre do curso), para propiciar unha mellor orientación e guía do alumnado e evitar o que non podemos evitar cualificar de “certo desconcerto” inicial”. En calquera caso, consideramos necesario proporcionar ao alumnado novo (nos cursos vindeiros) cuestionarios complementarios ás enquisas de satisfacción oficiais, para que poida expresar libremente e con detalle cales son os motivos desa baixa valoración. Deste xeito, poderanse acometer as accións de emenda e mellora precisas, á parte do cambio de calendario do curso de bibliotecas (véxase a Proposta número 3 do Plan de Melloras).

Non esquecemos que se consignan tamén no bloque 3 puntuacións baixas en cuestións que son da responsabilidade deste PD; referímonos á cuestión 14, na que o alumnado de 1º ano avalía o profesorado (2,8 / 5), mais este aspecto será tratado no punto 6.4 (enquisas de satisfacción).

Bloques		Preguntas (Enquisa de satisfacción para alumnado no 1º ano)	PO en Estudos Literarios	Media dos PD da UVigo
Datos Personais	1	Sexo		
	2	Nacionalidade		
	3	Dispón de bolsa ou contrato para realizar os estudos.		
	4	Universidade na que finalizou os estudos previos á matrícula no programa de doutoramento		
1	Información Xeral do Programa	6 A información pública na web sobre o programa (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación) foi satisfactoria.	3,7	3,7
		7 Coñezo o sistema de bolsas/contratos para o alumnado de doutoramento (etapa de formación, mobilidade).	3	3,3
	Subtotal		3,3	3,5
2	Os procedementos administrativos	8 A organización do proceso de matrícula	3,2	3,8
		9 Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas foron satisfactorios.	2,7	3,5
		10 Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos plans de investigación foron satisfactorios.	3,2	3,7
	Subtotal		3	3,7
3	Os axentes implicados	11 Estou satisfeito/a co labor do/a coordinador/a do programa.	4,2	4,4
		12 Estou satisfeito/a co labor do/a meu/ña tutor/a.	3,5	4,7
		13 Estou satisfeito/a co labor do/a/s meu/ña/s director/a/s de tese.	3,5	4,7
		14 O profesorado do programa fomenta a crítica científica e maila actividade investigadora.	2,8	4,3
		15 Estou satisfeito/a co labor do persoal administrativo do centro (facultade, escola).	4,2	4
		16 Estou satisfeito/a co funcionamento da Sección de Posgrao da Universidade de Vigo.	2,8	4
	Subtotal		3,5	4,3
4	Os recursos	17 O programa dispón dos medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para desenvolver satisfactoriamente a miña tese.	2,3	3,8
		18 Os espazos de traballo (para os/as doutorandos/as, a biblioteca, os laboratorios, etc.) son axeitados.	3,2	3,9
	Subtotal		2,8	3,8
5	Oferta formativa	19 Elixín este programa pola súa relación cos meus obxectivos profesionais.	5	5
		20 En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento.	3,2	4
	Subtotal		4,1	4,4
	Global		3,3	3,9

En definitiva, ponse de manifesto que a valoración do alumnado con maior tempo de contacto co programa é moi satisfactoria. Dado que a participación no grupo dos estudantes no 3º ano foi pequena (33%), poderíanse relativizar estes datos, pero considerámoslos significativos e representativos en calquera caso. Non obstante, deberase prestar atención tanto á participación do estudantado (de todas as promocións) na avaliación do PD como tamén ao desnivel entre as valoracións do alumnado en fase inicial (1º curso) e as do alumnado en fase avanzada (3º curso).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO: Os resultados de aprendizaxe correspóndense co nivel 4 do MECES. Os resultados dos indicadores do programa do doutoramento son adecuados ás súas características e ao contexto socio-económico e investigador.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o programa

Aspectos a valorar:

- As teses de doutoramento, as actividades formativas e a súa avaliación son coherentes co perfil de formación e co nivel 4 do MECES.
- As contribucións científicas derivadas da tese de doutoramento, tanto as previas á súa defensa como as realizadas posteriormente, poñen de manifesto a adquisición das competencias do programa.

6.2.- Os resultados dos indicadores académicos do programa de doutoramento e a súa evolución son axeitados e coherentes coas previsións establecidas na memoria verificada

Aspectos a valorar:

- Valoración da estimación dos resultados previstos na memoria para o programa de doutoramento, analizando as diferentes taxas, as teses defendidas e as contribucións científicas derivadas das teses.
- Os resultados dos indicadores téñense en conta para a mellora do programa e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se indicou, o PD é aínda recente, non podendo contar aínda con teses defendidas (IPD18). Hai unha tese do PD, de Ricardo Axeitos Valiño (dirixida polo dr. J.M. Paz Gago, Liña de investigación 2), que foi depositada no mes de maio de 2017 e se lerá aínda este ano, e outras catro teses (dúas en cada universidade), cuxo depósito é inminente e cuxa defensa tamén se prevé para o ano en curso.


Con todo, cabe facer a reflexión de que a previsión dun prazo mínimo de 3 anos, estipulados pola lexislación e regulamentos oficiais, non parece axustarse á realidade do proceso elaboración dunha tese de doutoramento en Humanidades, cuxa investigación require unha elevada dedicación de tempo á lectura e asimilación da mesma. Por esta razón, o noso Plan de melloras inclúe, coa súa Proposta número 1, unha tentativa de crear mellores condicións de apoio ao alumnado para facilitarlle quedar dentro do prazo mínimo. Aínda así sería recomendábel revisar a interpretación dos prazos no contexto do doutoramento en todo ámbito do SUG.

Hai varias razóns que contribúen a que o alumnado do PD non se quede dentro do prazo mínimo estipulado. Unha delas é a súa participación nas convocatorias de oposicións, o que en parte tamén pode ser motivo de abandono (aínda que esta taxa sexa moi baixa, cf. infra).

Unha actuación da Proposta número 2 do Plan de melloras incide na necesidade de realizar reunións anuais do profesorado do PD en cada universidade para pór en común dificultades nos labores de titorización e intercambiar experiencias, unha medida que tamén pretende servir o obxectivo de aumentar a taxa de alumnado con teses rematas dentro do prazo inicial.

Alén das diferentes razóns persoais, cuxa continxencia non cabe analizar aquí, outra causa digna de ser mencionada é a dificultade de acceder a bolsas que permitan unha dedicación ao doutoramento a tempo completo. A taxa de alumnado con bolsa é de 15,8%, o que non é plenamente satisfactorio no contexto dun doutoramento (e é tamén niso no que incide o Plan de mellora), mais representa o mantemento dunha taxa mínima en tempos caracterizados pola austeridade e recortes en bolsas de estudo e investigación públicas:


ALUMNADO BOLSEIRO DO PD INTERUNIVERSITARIO EN ESTUDOS LITERARIOS 2013-2016



A pesar das referidas circunstancias, o PD constata, despois de tres anos de existencia, que se cubriu un 80% das prazas ofertadas cunha taxa de abandono de 20%, o que non pode ser considerado un valor elevado no contexto do doutoramento.

No entanto, un dos resultados máis considerábeis é que o alumnado do PD realizou durante os tres anos que son obxecto de avaliación un número moi elevado de contribucións científicas, previas á defensa da tese de doutoramento. O seguinte gráfico resume estas contribucións por tipo, liña de investigación e universidade:

Contribucións científicas do alumnado do PD Interuniversitario en Estudos Literarios



É moi destacábel que entre as contribucións se contan 3 proxectos de investigacións, liderados por unha doutoranda brasileira do PD, 4 libros de autoría única e 6 edicións ou coedicións de libros. En relación aos

indicios de calidade das contribucións é de salientar que se contabilizan 2 artigos en revistas indexadas como tipo A e 8 artigos en revistas indicadas como tipo C na Clasificación Integrada de Revistas Científicas (CIRC); ademais de outros 5 artigos en revistas referenciadas no MIAR. Destes 15 artigos en revistas indexadas, 5 son da autoría de alumnado da UDC e 10 da autoría de doutorandas/os da UVigo. No ámbito dos capítulos de libro, destacan 5 publicados en editoriais referenciadas no Ranking SPI de editoriais na categoría "Lingüística, Literatura y Filología", neste caso todos provenientes da UDC, xunto cun libro de autoría única, tamén publicado nunha editorial indexada no SPI, por unha doutoranda da UVigo. Xunto co alto número doutras publicacións e comunicacións, as contribucións científicas do alumnado poden ser consideradas moi satisfactorias, en termos tanto cuantitativos como tamén cualitativos, e demostran a súa solvencia, así como o seu progreso investigador axeitado e coherente co estipulado na Memoria.

No que se refire á mobilidade do estudiantado, a porcentaxe de 22,8% é aceptábel mais precisaba de ser mellorada. Con todo, debe ser tomado en conta que estes datos non contabilizan aqueles desprazamentos no contexto dos proxectos de tese que non son obxecto de solicitudes de acreditación por parte da CAPD (neste caso, as actuacións correspondentes estarían relacionados coas Propostas 1 e 3 do Plan de melloras):



6.3.- Os indicadores son adecuados ao perfil dos estudantes, de acordo co ámbito científico do programa

Aspectos a valorar:

- Analizar, á vista dos resultados obtidos polo programa no período avaliado, tendo en conta o perfil dos estudantes, as características do programa e o ámbito científico.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tendo en conta a consecución dun número aceptábel de bolsas de relevo (FPU, Xunta, universidades) e de estadías internacionais, xunto cos resultados excelentes en canto a contribucións científicas (cf. datos e táboas nas reflexións do Criterio 6.2), o PD foi sendo coherente cos seus obxectivos e co ámbito científico no que se insire.

6.4.- A satisfacción do estudiantado, do PDI, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

Aspectos a valorar:

- Análise dos indicadores de satisfacción de estudantes, PDI, egresados e outros grupos de interese.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Mentres que a Universidade de Vigo realizou enquisas de satisfacción do alumnado, a UDC aínda non efectuou este tipo de estudo. Polo tanto, dada a carencia de datos provenientes da UDC, só se poderán analizar aquí os datos de satisfacción proporcionados pola UVigo.

Situación na UVigo

Da análise do indicador IPD19 (Resultados das enquisas de satisfacción) dedúcese que o grao de satisfacción global do alumnado é notable. Tanto na valoración do PD no seu conxunto, como na valoración do bloque 5, referido á oferta formativa, o balance é positivo (Véxanse Táboas comparativas no Criterio 5.2).

Nas enquisas de satisfacción realizadas ao alumnado do PD en estudos literarios no curso 2015-16 rexistrouse unha participación dun 40% para o subgrupo do alumnado no 1º ano de doutoramento e reduciuse a un 33% no caso do alumnado no 3º ano. Esta participación é claramente mellorable, mais resulta suficiente para ofrecer datos representativos. Os resultados marcan, na nosa consideración, as tendencias fundamentais no grao de satisfacción respecto do PD.

A puntuación global obtida polo programa foi de 3,3 sobre 5 (3,3 / 5) no grupo de estudantes de 1º ano e dun 4,3 sobre 5 (4,3 / 5) no caso do alumnado de 3º ano. Se ben a primeira puntuación (1º ano) se sitúa por debaixo do valor medio obtido polo conxunto dos PD da UVigo (3,9 / 5), cómpre destacar que a puntuación outorgada pola promoción no 3º ano é notablemente superior á obtida polo conxunto da UVigo (Táboa 1).

En calquera caso, non queremos deixar de lado algúns datos menos positivos que ofrecen as enquisas ao alumnado de 1º ano e que merecen polo tanto unha seria reflexión. Así, na pregunta 14 do bloque 3 (os axentes implicados) reflíctese unha puntuación pobre (2,8 / 5), inferior á media da UVigo (4,3 / 5). A cuestión á que se refire este ítem avalía o profesorado do xeito seguinte: "O profesorado do programa fomenta a crítica científica e maila actividade investigadora". Non dispoñemos na actualidade dunha explicación satisfactoria para este resultado. Resulta desconcertante, de calquera xeito, que o alumnado no considere que se fomenta "a actividade investigadora" nun programa de doutoramento. A nosa hipótese inicial, como acontecía no punto 5.2. é unha posible "desorientación" inicial, mais non proporciona unha resposta en absoluto satisfactoria. Pola contra, é responsabilidade do PDI deste PD exercer os labores de titorización, orientación, guía e supervisión da iniciación do alumnado nas tarefas investigadores. Por isto, consideramos necesaria a obtención de datos complementarios a través de cuestionarios abertos e voluntarios nos que o alumnado poida, libre e anonimamente, expresar as súas percepcións neste estadio inicial do PD. Deste xeito será posible detectar posibles desatencións ou problemas de descoordinación. En relación con isto, consideramos preciso reforzar a coordinación entre o PDI implicado e fortalecer os sistemas de seguimento do profesorado por parte da CAPD, mediante reunións semestrais (véxase a Proposta número 2 do Plan de Melloras).

Valoramos moi positivamente os resultados das enquisas ao alumnado de 3º ano por canto este é un subgrupo con percorrido e experiencia no programa, que puido acumular observacións e reflexións sobre o seu funcionamento e, polo tanto, está en posición de emitir xuízos ben fundamentados. Parécenos aínda máis relevante o que revela de progresión ascendente e, por tanto, de consecución de obxectivos deste programa.

Se nos centramos no bloque das enquisas relativo á oferta formativa (Bloque 5), observamos que o grao

de satisfacción do alumnado é moi notable:

- O alumnado de 1º ano valora cun 4,1 / 5 este aspecto (media PD UVigo: 4,4 /5). A puntuación neste bloque obtense da media das puntuacións de dúas cuestións, referidas á elección do programa (pregunta 19: puntuación 5 /5) e á satisfacción (pregunta 20: 3,2 /5).

-O alumnado de 3º ano valora cun 4,3 / 5 a oferta formativa, outorgando unha puntuación superior ao conxunto da UVigo (3,8 /5). Para este subgrupo de 3º, o bloque 5 (oferta formativa) compoñíase de oito cuestións (preguntas 26-33): obtense 5 / 5 en dúas delas (26. "O tema da miña tese respondeu ás miñas expectativas" e 33. "Coa información da que dispoño nestes momentos, volvería elixir este programa para realizar estudos de doutoramento"). Os resultados obtidos polo PD en estudos literarios sitúanse por riba dos valores medios dos PD da UVigo en todas as cuestións referidas ao bloque 5.-o alumnado de 3º ano valora cun 4,3 / 5 este aspecto

A valoración, en conclusión, resulta positiva e proporciona elementos para a reflexión e para a mellora no sucesivo.

Situación na UDC:

Os Programas de doutoramento da UDC non contan aínda con modelos sistematizados de recollida de información de satisfacción dos seus grupos de interese. A Universidade da Coruña, consciente desta circunstancia, e a través da EIDUDC está traballando no deseño dos diferentes modelos de enquisas de satisfacción. Para tal fin estableceuse unha serie de accións a desenvolver entre o presente curso académico (2016/2017) e os seguintes.

Con todo, neste momento xa foi constituído o grupo de traballo e se iniciaron os traballos na elaboración da proposta das enquisas mencionadas. A finalización desta fase espérase para o primeiro trimestre do curso académico 2017/2018, coa presentación e aprobación da documentación por parte da Comisión Permanente do Comité de Dirección da EIDUDC. Cando termine este proceso, procederase á aplicación e análise das enquisas para cada un dos programas de doutoramento da UDC. En relación a isto, véxase a Proposta número 7 do Plan de mellora.

6.5.- A inserción laboral dos egresados é coherente co contexto socioeconómico e investigador do programa.

Aspectos a valorar:

- Análise da inserción laboral dos doutores/as tendo en conta os datos e estimacións que se inclúran na memoria verificada.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do programa.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como non se puideron producir aínda defensas de teses dentro do período avaliado do PD, nin na UVigo nin na UDC, non existen datos sobre a inserción laboral de egresadas/os.

3. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

4. PLAN DE MELLORAS

(Ver Anexo IV)

ANEXO IV. PLAN DE MELLORAS

CRITERIOS 1, 4, 5, 6	
Denominación da proposta 1	Aumento do número de teses defendidas (ou do prazo inicial de depósito).
Punto débil detectado/Análise das causas	Ningunha tese lida dentro do prazo inicial de 3 anos. Todo o alumnado do 3º ano necesita solicitar prórrogas ou pasar a tempo parcial. Causas: Maioritariamente porque o alumnado traballa a tempo completo ou a tempo parcial, se presenta a oposicións, carece de bolsa que lle permite dedicarse á tese a tempo completo, por razóns familiares ou de saúde. Puntualmente por razóns relacionadas co proxecto de tese (necesidades de máis documentación, tempo para elaborar análises, etc.).
Ámbito de aplicación	O propio PD, as direccións das teses.
Responsable da súa aplicación	Coordinación do PD, CAPD, universidades.
Obxectivos específicos	Crear condicións que reduzan o número de solicitudes de prórroga e favorezan terminar as teses dentro do prazo inicial. Alternativamente, revisar o prazo inicial e aumentalo a catro anos.
Actuacións a desenvolver	Aconsellar o alumnado traballador que se matricule desde o principio en modo parcial. Intensificar os apoios ao alumnado na busca e solicitude de bolsas. Buscar vías de financiamento para convocar bolsas que non sexan exclusivamente de mobilidade (por exemplo a través de cátedras e integración en proxectos de investigación). Solicitar ás direccións de tese de realizar seguimentos e asesoramentos máis específicos que melloren a organización das tarefas e traballos do estudantado. Promover un debate nas respectivas EIDO sobre se é conveniente suxerir ás instancias competentes aumentar o prazo inicial de tres a catro anos.
Período de execución	A partir do 1º cuadrimestre do curso 2017-2018.
Recursos/financiamento	Bolsas, UVigo, UDC, cátedras, grupos e proxectos de investigación, EIDO, entre outros.
Responsable do seguimento e data	CAPD, a partir do 1º cuadrimestre do curso 2017-2018.
Indicadores de execución	Información a través da web, entrevistas personalizadas, reunións conxuntas do alumnado de primeira matrícula, reunións coas EIDOs das dúas universidades.
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Actas da CAPD.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	

Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 1, 6	
Denominación da proposta 2	Mellora da satisfacción do alumnado e da formación conxunta.
Punto débil detectado/Análise das causas	Desnivel entre a valoración do alumnado de novo ingreso e o alumnado avanzado (IPD19: Enquisas). Falta de actividades de formación conxuntas UVigo/UDC.
Ámbito de aplicación	Alumnado do PD, especialmente o de nova incorporación.
Responsable da súa aplicación	Coordinación do PD, CAPD, EIDO.
Obxectivos específicos	Mellorar o grao de satisfacción do alumnado de novo ingreso, fundamentalmente.
Actuacións a desenvolver	-Mellorar o acceso á información para o alumnado de 1º curso. -Mellorar os procedementos de tutorización, coa participación de estudantado de 2º e 3º ano. -Intensificar a coordinación entre servizos administrativos e titores/as. -Ofrecer actividades formativas para o alumnado das dúas universidades en conxunto a través de convenios específicos entre as dúas universidades. - Realizar 2 reunións anuais do profesorado do PD en cada universidade para pór en común dificultades nos labores de tutorización e intercambiar experiencias.
Período de execución	A partir do 1º cuadrimestre do curso 2017-2018.
Recursos/financiamento	CAPD, PDI, EIDO.
Responsable do seguimento e data	CAPD.
Indicadores de execución	
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Actas da CAPD.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	

Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 1, 4, 6	
Denominación da proposta 3	Mellora da colaboración interuniversitaria e internacionalización.
Punto débil detectado/Análise das causas	-Falta de información na web do PD sobre as actividades relacionadas co programa na UDC. -Aínda non se realizou unha edición do Coloquio Internacional Estudos Literarios para doutorandas/os na UDC. -Reducido número de alumnado procedente de mestrados doutras universidades e/ou do estranxeiro. - Desequilibrio entre as matrícula na Liña de investigación 1 (Literaturas en lingua española & Literatura comparada) e na Liña de investigación 2 (Literaturas e culturas en lingua galega e portuguesa & Literatura medieval). - Pequenas diverxencias nas normativas e nos prazos correspondentes ao ámbito do doutoramento nas dúas universidades. - Falta de profesorado estranxeiro a (co)dirixir teses.
Ámbito de aplicación	Interuniversitario. O PD no seu conxunto. Redes internacionais.
Responsable da súa aplicación	Coordinación do PD, CAPD.
Obxectivos específicos	-Consolidar e ampliar as colaboracións internacionais do PD en xeral e coa UDC en especial. - Mellorar a visibilidade do PD a nivel estatal e internacional. - Aumentar a matrícula na Liña de investigación 2 (Literaturas e culturas en lingua galega e portuguesa & Literatura medieval). - Axustar as normativas e os calendarios nas dúas universidades.
Actuacións a desenvolver	-Alternar as edicións anuais do Coloquio Internacional de Estudos Literarios para doutorandas/os entre a UVigo e a UDC. -Informar con regularidade na web do PD sobre as actividades na UDC. -Mellorar a promoción do PD a nivel estatal e internacional. -Realización de convenios específicos con programas de doutoramento de universidades estranxeiras, que incrementen a mobilidade do alumnado (entrante e saínte) e profesorado. -Crear base de datos internacional de doutoras/es que poidan ser incorporados ao PD como codirectoras/es. -Mellorar a visibilidade das actividades promovidas pola UDC na web do PD. - Crear, en colaboración coa UDC, incentivos para a realización de proxectos de tese en Estudos Literarios Galegos, especialmente en colaboración con outras universidades e países. - Realizar un convenio específico entre as dúas universidades para que os calendarios de estudos de doutoramento sexan idénticos.
Período de execución	A partir do 1º cuadrimestre do curso 2017-2018.

Recursos/financiamento	PDI, redes nacionais e internacionais de investigación dos grupos e proxectos, UVigo, UDC.
Responsable do seguimento e data	CAPD.
Indicadores de execución	
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Actas da CAPD.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 2.3	
Denominación da proposta 4	Desenvolver a estrutura de calidade da web da Eido.
Punto débil detectado/Análise das causas	A web da Eido non dispón dunha estrutura onde se poida realizar un fácil acceso á información relevante do SGC.
Ámbito de aplicación	SGC Eido.
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido.
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	- Diseñar a estrutura de calidade da web. - Implantar a estrutura de calidade. - Cargar a información relevante dispoñible do SGC.

Período de execución	3º trimestre de 2017.
Recursos/financiamento	Colaboración da Área TIC.
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido.
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Información dispoñible na web sobre o SGC.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 3	
Denominación da proposta 5	Desenvolver os procedementos do SGC da Eido.
Punto débil detectado/Análise das causas	O SGC da Eido está en fase de deseño e desenvolvemento, polo que cómpre elaborar a documentación (procedementos) seguindo o mapa de procesos establecido no Manual de Calidade.

Ámbito de aplicación	SGC Eido.
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido.
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	- Elaborar as propostas de procedementos. - Validar as propostas na Comisión de Calidade. - Aprobar as propostas no Comité de Dirección.
Período de execución	4º trimestre de 2017.
Recursos/financiamento	Grupo de traballo (persoal da Área de Calidade, Eido, Servizo de Posgrao e as persoas que, en función dos contidos de cada procedemento, se poidan incorporan).
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido.
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Actas da Comisión de Calidade e do Comité de Dirección nas que reflectan a validación e aprobación dos procedementos de calidade.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	

Acciones correctoras a desenvolver	
---	--

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDAD (SGC)	
Denominación de la propuesta 6	Diseñar el SGC de la Escuela Internacional de Doctorado (EIDUDC).
Punto débil detectado/Análisis de las causas	La EIDUDC no cuenta con un SGC formalmente establecido e implantado para asegurar la mejora continua de sus programas de doctorado y que nutra los procesos de seguimiento y acreditación de los mismos.
Ámbito de aplicación	SGC de la EIDUDC
Responsable de su aplicación	- Vicerrectorado de Oferta Académica e Innovación Docente (VOAID). - Comité de Dirección de la EIDUDC. - Unidad Técnica de Calidad (UTC). - ACSUG.
Objetivos específicos	- Diseñar la documentación del SGC: elaborar el manual y los procedimientos. - Aprobar el SGC. - Remitir el SGC para la certificación del diseño.
Actuaciones a desarrollar	- Constitución del grupo de trabajo - Elaborar una propuesta de manual y procedimientos del SGC. - Presentación de la propuesta a la Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC para su análisis. - Aprobación del SGC por la Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC. - Remitir la documentación del SGC a la ACSUG para la certificación del diseño.
Período de ejecución	Cursos académicos 2016/2017 y 2017/2018.
Recursos/financiación	No se necesitan recursos adicionales.
Responsable del seguimiento y fecha	Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC. Primer trimestre del curso 2017/2018. (Con informes de seguimiento/renovación acreditación de los Programas de Doctorado).

Indicadores de ejecución	No aplica.
Evidencias documentales y/o registros que se presentan/presentarán como evidencias de su implantación	- Actas de las reuniones realizadas. - SGC de la EIDUDC diseñado. - Informe de certificación del diseño del SGC.
Observaciones	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumplimiento (total o parcial)	
Responsable de la revisión y fecha	
Resultados obtenidos	
Grado de satisfacción	
Acciones correctoras a desarrollar	

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO	
Denominación de la propuesta 7	Diseñar las encuestas que se aplicarán a todos los grupos de interés, aplicar dichas encuestas y analizar los resultados.
Punto débil detectado/Análisis de las causas	Los Programas de doctorado no cuentan con modelos sistematizados de recogida de información de la satisfacción de sus grupos de interés.
Ámbito de aplicación	Programas de doctorado.
Responsable de su aplicación	- Vicerrectorado de Oferta Académica e Innovación Docente (VOAID)/Unidad Técnica de Calidad. - Comité de Dirección de la EIDUDC. - Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC. - Comisión Académica del Programa de Doctorado (CAPD).

Objetivos específicos	- Diseñar las propuestas de encuestas de satisfacción. - Analizar y aprobar los modelos de encuestas. - Aplicar las encuestas. - Tratar los datos. - Analizar los resultados.
Actuaciones a desarrollar	- Constitución del grupo de trabajo. - Elaboración de las propuestas de encuestas de satisfacción. - Presentación de las propuestas a la Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC para su análisis y aprobación. - Aplicación de las encuestas. - Tratamiento de datos por la UTC. - Análisis de datos por las CAPD.
Período de ejecución	Cursos académicos 2016/2017, 2017/2018 y siguientes.
Recursos/financiación	No se necesitan recursos adicionales
Responsable del seguimiento y fecha	Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC. Primer trimestre del curso 2017/2018. (Con informes de seguimiento/renovación acreditación de los Programas de Doctorado).
Indicadores de ejecución	- No aplica.
Evidencias documentales y/o registros que se presentan/presentarán como evidencias de su implantación	- Actas de las reuniones realizadas. - Modelos de encuestas aprobadas. - Análisis de encuestas.
Observaciones	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumplimiento (total o parcial)	
Responsable de la revisión y fecha	
Resultados obtenidos	

Grado de satisfacción	
Acciones correctoras a desarrollar	